

REGULAMENTO DA IV ASEMBLEA NACIONAL

DA PARTICIPACIÓN

Artigo 1

Teñen dereito a participar na IV Asemblea Nacional todas as persoas inscritas no censo de asembleístas. As responsables de zona deben pechar o censo antes do día 20 de outubro.

Artigo 2

No caso de haber persoas que non pertencen a ningunha zona con asemblea constituída, deberán ser recollidas no censo polo Consello Nacional (CN) antes do 20 de outubro. O prazo para subsanación de erros no censo será de 3 días, desde o 20 de outubro até o 23 de outubro.

DO PROCESO PRE-ASEMBLEAR

Artigo 3

O Consello Nacional nomeará a membros do organismo para a redacción das teses. Estas persoas formarán a Comisión Redactora.

Artigo 4

O 29 de agosto reunirase o Consello Nacional onde se aprobarán as teses e se enviarán o día 5 de setembro a todo o censo para comezar o período de emendas. Tamén se escollerá o lema e o lugar onde se celebrará a Asemblea e esa zona quedará encargada dos aspectos loxísticos que se requiran para a súa realización.

Artigo 5

O 10 de setembro reunirase o Consello Nacional, escollendo o lema e o lugar onde se celebrará a Asemblea, correspondendo os aspectos loxísticos que se requiran para a súa realización á zona en colaboración co Consello Nacional.

Artigo 6

As zonas terán desde o 11 de outubro até o 20 de outubro para se reuniren para debater os textos e propor emendas. Para que unha emenda sexa debatida na IV Asemblea Nacional, debe ser aprobada por un mínimo dun 30% de votos positivos na Asemblea de Zona. As emendas aceptadas enviaranse ao Consello Nacional o máis cedo posible, sendo o 20 de outubro a data límite.

Nestas mesmas asembleas poderán presentarse propostas de nomes para o Consello Nacional e a Comisión de Garantías.

Artigo 7

O 11 de outubro publicarase o cartaz da IV Asemblea Nacional, co lema escollido polo Consello Nacional.

Artigo 8

O 22 de outubro reunirase o Consello Nacional para decidir a conformación da mesa e os horarios da IV AN. Tamén se debaterán as emendas aprobadas nas zonas. De non seren aceptadas polo Consello Nacional, estas poderán ser transaccionadas ou rexeitadas para seren debatidas na IV AN.

Artigo 9

O 24 de outubro estarán a disposición de todo o censo os documentos definitivos a debater, así como o horario da IV AN e as candidaturas para o Consello Nacional e a Comisión de Garantías.

DA FUNCIONALIDADE DA IV ASEMBLEA NACIONAL

Artigo 10

A IV Asemblea Nacional celebrarase o día 5 de novembro.

Artigo 11

A IV Asemblea Nacional funcionará en pleno, que será presidido pola Mesa da Asemblea designada polo Consello Nacional e ratificada ao inicio da asemblea. De non ser ratificada, procederase á elección doutras persoas que formen parte do Consello Nacional. A Mesa estará formada por unha presidenta, dúas secretarías que tomarán acta da sesión e as defensoras dos documentos que se debaterán na Asemblea. A maiores, na mesa poderán atoparse o resto dos membros do Consello Nacional.

Artigo 12

As Asembleas de Zona poderán formular emendas parciais ou á totalidade dos textos. As emendas á totalidade serán debatidas ao inicio da sesión de debate de emendas.

Artigo 13

Se as emendas non fosen defendidas por ninguén, decaerán.

Artigo 14

A orde na que se procederá ao debate posterior votación dos textos na IV AN de Erguer. Estudantes da Galiza é: Regulamento, Estatutos, Tese Política e Tese Organizativa.

Artigo 15

O debate das emendas rexeitadas desenvolverase do seguinte xeito: en primeiro lugar, intervírase en defensa de emenda e, en segundo lugar, a Mesa poderá propoñer unha transacción á mesma ou defenderá o texto orixinal da tese. A continuación, a Mesa poderá abrir unha quenda pechada de palabras. No caso das emendas aceptadas poderase defender o texto orixinal da tese e a Mesa poderá abrir unha quenda pechada de palabras.

Artigo 16

A Mesa poderá transaccionar emendas se así se estima oportuno. No caso de que a autora acepte a transacción proposta pola mesa votárase esta, que será aprobada se obtén maioría simple. No caso de que a autora da emenda non acepte a transacción votárase a súa emenda e o texto orixinal, pero non a proposta de transacción. A opción (emenda ou texto orixinal) con máis votos a favor será a aprobada. A Mesa é a única con capacidade para facer propostas de transacción.

Artigo 17

Se unha emenda for aprobada, o seu texto substituirá o correspondente da tese. No

caso de existiren dúas ou máis emendas á mesma parte do texto a Mesa debe decidir se se debaten en conxunto ou non; no caso de non se debateren en conxunto, cada emenda deberá ser votada por separado e a que máis votos teña ten que ser a que substitúa o texto. No caso de que se debatan en conxunto, a Mesa deberá decidir como se procede á súa votación.

Artigo 18

Cada tese someterase á decisión final do Pleno, que a aprobará ou a rexeitará no seu conxunto nunha única votación. De non aprobarse teríase que abrir un proceso de reescritura, fóra da IV AN, nun prazo máximo dun mes. Durante este período, ficarían vixentes os textos da III Asemblea Nacional.

SOBRE A ELECCIÓN DOS NOMES PARA O CONSELLO NACIONAL E A COMISIÓN DE GARANTÍAS

Artigo 19

A IV AN escollerá o Consello Nacional e a Comisión de Garantías (CG) a través de listas abertas nas que cada persoa da organización poderá votar como máximo 2/3 dos números a cubrir. É dicir, 5 nomes para o CN e 3 para a CG. A AN elixirá un total de 8 persoas para o CN e 5 para a CG

Artigo 20

Sobre o resultado emanado da IV AN ordenaranse ás 8 persoas electas e mais as suplencias por número de votos recibidos, aplicando a corrección de xénero garantindo unha paridade real, así como a presenza dun mínimo de dúas persoas de ensino medio e dun máximo de tres persoas por zona. Cando unha integrante do CN electa pola IV AN cause baixa, será substituída seguindo a orde das suplencias.

Artigo 21

A Mesa da Asemblea informará das propostas de nomes antes do inicio da votación.

DO PROCESO LOGO DA ASEMBLEA

Artigo 22

O CN terá que reunirse no prazo dun mes desde a celebración da I AN. A Asemblea Nacional de Acción Feminista terá que reunirse e elixir a persoa responsábel antes da celebración do primeiro Consello Nacional.

Artigo 23

Formarán parte do Consello Nacional a responsábel de cada zona e a responsábel da Asemblea Nacional de Acción Feminista.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Na sesión constitutiva do novo Consello Nacional designaranse as persoas encargadas de darlle forma definitiva ao texto aprobado, incorporando todas as emendas e resolucións. Logo da pertinente revisión e corrección lingüística, procederase á súa publicación, no prazo de 45 días, na páxina web da organización e enviaranse a todas as integrantes da organización por correo electrónico. A publicación e difusión dos textos en físico será valorada tamén por dito Consello Nacional.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

As emendas ao presente regulamento non poderán ter carácter retroactivo. Polo tanto o Regulamento unha vez aprobado polo Consello Nacional, será válido e non se poderá emendar até a constitución da Asemblea Nacional, podendo a propia Asemblea na sesión plenaria introducir emendas que atinxan ao proceso posterior.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A Mesa que preside a Asemblea Nacional está facultada para interpretar este Regulamento en casos de dúbida ou omisión.